

ENTREVISTA Ó CLIMA DE MUROS.

- **Bos días, como te chamas?**

- Ola, o meu nome é clima oceánico. A xente di que son moderado, aínda que non vos fiedes moito en outono e inverno son ben fresquiño.

- **Entón iso de bo día depende non si?**

- Pois si, se mo dis en xaneiro de bo seguro que ten pouco, se mo preguntas en agosto xa é outra cousa.

- **Sempre chove onde ti estás?**

- Tampouco é para tanto, pero a verdade é que chove bastante é ademais ó longo dos doce meses do ano.

- **Uff! Que mal non?**

- Non creas, a ver, a ti gústache estar rodeado de verde? Que haxa herba espesa? Que nunca haxa escaseza de auga? Pensa que hai que beber para vivir, e non só os humanos, tamén as plantas e os animais.

- **Pero tamén hai plantas e animais noutros climas.**

-Xa, pero non como aquí, ben sei que non hai crocodilos nin xirafas nin leóns

, por exemplo, pero... quereríades vivir con ese vecinos?

- **Coas xirafas non nos importaría supoño, pero cos outros...**

- Aquí hai esquíos, xabarís, raposos, lobos,
bufos, curuxas, e ata osos pardos nalgunhas montañas iso por
non falar de réptiles e insectos.

- **Xa, xa, moi impresionante a verdade!**

- Pois non é todo, só mencionei animais, pero tamén hai moita vexetación que non podería vivir sen min, e non é por poñerme chulo!

- **Cal?**

- Carballos, faias, castiñeiros, Uff un montón!

- **Todas grandes e caducifolias.**

- Tamén hai perennes e vexetación pequena. Nunca sentaches nun toxo?

- **Non.**

- Mellor, non cho recomendo.

- **Grazas polo consello; teño unha dúbida... As persoas están agusto aquí?**

Parece que si, dende sempre foi unha zona moi poboada.

- **Caramba, e por qué?**

- As miñas características permiten a agricultura tanto en campos abertos como pechados
e a gran cantidade de herba facilita criar gando e xa sabes, iso implica que haxa carne, leite, queixo...

- **Polo que parece non te cambiarías por outro clima.**

- Non, e sen menosprezar, teño de todo. Se o teu problema comigo é a auga en exceso, xa sabes: unhas boas botas e un paraugas.

- **Bo consello. Moitas grazas por contestar estas preguntas.**

- Grazas a vós por escoitarme, que moitas veces oio cousas malas de min e non me deixan defenderme.

- **Ata sempre clima oceánico.**

- Humm... sempre, sempre... quen sabe, se cadra me destinan a outro lado con iso do cambio climático, sería unha mágoa porque eu estou ben aquí. Recíbide un orballo e moitos chuvascos.